

CUESTIÓN DE XÉNERO, CUESTIÓN DE AULA, CUESTIÓN DE CENTRO. ESTRATEXIAS PARA A ELIMINACIÓN DE ESTEREOTIPOS SEXISTAS

Adela MIRÁS CALVO

*Profesora de Educación Física de ensino secundario
Directora do CPI de Cova Terreña de Baiona*

1. DESDE QUE PARADIGMA NOS DIRIXIMOS?

Existen dúas grandes formas de entender a educación física: unha orientada ao rendemento e outra orientada á educación e á participación. López e Monjas no seu libro *Buscando alternativas á forma de entender e practicar a educación física escolar* (2003), propoñen dous ámbitos curriculares para a mesma, diferenciando dous marcos de racionalidade: a racionalidade técnica e a racionalidade práctica. Posicionámonos nesta segunda, intentando vencer a inercia á que nos soe levar a concepción hexemónica da educación física, que é esa visión técnica.

O profesorado actúa influenciado pola súa forma de entender a educación física, as súas crenzas, experiencias e ideoloxía. Respecto a esta última, Devís (2001) fala das ideoloxías do profesorado, destacando as seguintes:

- A ideoloxía do sexismo e o igualitarismo: referíndose a primeira ao tratamento desigual por cuestión de sexo, e a segunda ao tratamento igualitario, sen facer ningún tipo de diferenciación respecto ao mesmo.
- A ideoloxía do rendemento e o recreacionismo: o entendemento da educación física como elitista, próxima ao adestramento e a busca de rendemento deportivo fronte á concepción dunha clase principalmente preocupada pola fruíción do movemento, evasión, recreación e descanso.
- A ideoloxía da forma corporal: o culto á delgadeza e ao mesomorfismo, que impón un corpo delgado ás mulleres e un corpo mesomórfico aos homes como os máis idóneos.

Este autor critica que moitos dos problemas de desigualdade existentes en función do xénero ou de habilidade, así como de anorexia ou bulimia que se sofren na adolescencia na actualidade, poden vincularse ás ideoloxías do sexismo, do rendemento deportivo e do culto á delgadeza que se reproducen desde as clases de educación física. Por iso é importante facer conscientes as

tendencias do currículo oculto na nosa área e as ideoloxías existentes no profesorado, xa que influirán directamente na forma de impartir as nosas aulas.

A filosofía deste artigo enmárcase na educación física inclusiva e participativa, dentro dun marco de racionalidade práctica e desde unha perspectiva crítica, que entende a educación como transformadora, o que supón unha acción social que se prolonga cara a espazos de intervención máis amplos.

Pensamos que abordar a diversidade, neste caso na cuestión de xénero, é un reto que debe formularse o persoal docente, entendendo a diversidade desde a comprensión de que todos somos diferentes e de que debemos ser tratados como seres únicos, polo que o principio pedagóxico que deberíamos empregar é o principio de individualización.

A ideoloxía do igualitarismo da que falábamos anteriormente, que propón o trato por igual sen ter en conta as diferenzas, é probablemente unha das maiores desigualdades, pois desde a nosa experiencia docente, o alumnado non ten igualdade no punto de partida (non os podo considerar iguais), nin no proceso (non os podo tratar igual), nin na chegada (non podo pretender o mesmo). Existe un concepto que quizais sexa máis xusto, que é o da equidade: dar a cada cal segundo as súas necesidades, reto que introducimos no seguinte punto do artigo.

2. QUE PODEMOS FACER?

Na seguinte frase “...cando nun centro escolar, na aula ou no ximnasio se afirma que non hai diferenzas, que non pasa nada, é que pasa o de sempre” (Martínez, 1998, p.139), descríbese o reproducionismo na cuestión de xénero.

O reproducionismo é a tendencia da escola. Para vencer esta inercia resulta importante facer un esforzo de reflexión, autocrítica, preguntarse en que paradigma nos atopamos e que ideoloxías están subxacentes no noso pensamento; deste xeito podemos transformar as nosas accións e facelas máis coeducativas e respectuosas.

A continuación achéganse algunhas estratexias desde diferentes ámbitos de actuación ou intervención: desde o propio deseño da programación de aula, o centro e con outros axentes educativos. Pois a cuestión de xénero é unha cuestión de aula e unha cuestión de centro.

2.1. Na programación e na aula

2.1.1. Na programación

Partindo desta filosofía de racionalidade práctica, crítica e inclusiva, faise necesario programar tendo moi en conta as decisións que se están tomando e reflexionar profundamente, xa que esas decisións influirán de forma moi directa na acción docente.

O traballo sobre a cuestión de xénero permite adquirir a competencia social e cidadá, unha das competencias integradoras do currículo educativo que establece a LOE.

Respecto aos obxectivos referenciados no deseño curricular base (DCB) de Educación Física, establécense no Libro vermello de Secundaria os seguintes obxectivos: “Amosar habilidades e actitudes sociais de respecto, de traballo en equipo e de deportividade na participación en actividades, xogos e deportes, independentemente das diferenzas de xénero, culturais, sociais e de habilidade (...) Adoptar unha actitude crítica ante o tratamento do corpo, a actividade física e o deporte no contexto social” (Xunta de Galicia, 2008, p. 365)

En canto aos bloques de contidos establécense catro: Condición física e Saúde, Xogos e Deportes, Expresión Corporal e Actividades no Medio Natural. Por tanto, as programacións deben ser equilibradas respecto aos mesmos, xa que desta forma incluiremos os intereses de todo o alumnado.

Tradicionalmente o currículo da nosa área na práctica é androcéntrico, xa que se dá predominancia aos contidos de condición física e deportes, xerando un desequilibrio sobre o tipo de contidos definidos nos deseños curriculares base. Por este motivo habería que reflexionar sobre o que acontece cando quedan fóra do currículo de educación física, ou impartidos non con tanta dedicación en tempo ou relevancia, contidos como os que conforman o bloque de *Expresión Corporal*. Con esta decisión estanse afastando das programacións os intereses dunha parte do alumnado, pero especialmente do xénero feminino.

En *Expresión Corporal* as alumnas soen adquirir un rol máis activo e séntense máis competentes por mor de que as súas experiencias previas son maiores. Se abrimos unha xanela nas aulas, atoparémonos situacións como a que describimos a continuación.

Nunha unidade didáctica de traballo do ritmo a través do *aerobic* a ocupación dos mellores espazos, ao pedir unha formación ordenada fronte ao profesor, soe realizarse por parte das rapazas. Son elas as que se sitúan en maior medida nas primeiras filas e en espazos centrais. En contraste, os rapaces tenden a esconderse nas filas de atrás, xuntos e incluso nalgún momento golpeándose, de forma nerviosa. Asemade, a iniciativa das rapazas na realización de coreografías é maior, sendo os rapaces os que asumen roles máis pasivos.

Este comportamento afástase da tendencia de xerarquización e segregación dos espazos en contextos deportivos, onde os rapaces soen apropiarse de espazos centrais e de poder e as rapazas de espazos marxinais e reducidos, existindo desequilibrio e invasión espacial dos rapaces fronte as rapazas. Algúns autores explican este tipo de ubicación espacial dicindo que “no proceso de socialización das mulleres remarcaríase a súa preparación para desenvolverse en espazos pequenos, íntimos e para asumir unha xerarquía, mentres que aos homes se lles prepara para o espazo público, para demostrar a súa competencia e dominio”. (Rodríguez e García, 2009, p.65)

Coa idea de achegarnos aos intereses e motivacións de todo o alumnado e tendo a conta as experiencias previas das rapazas e dos rapaces, no caso do bloque de *Expresión Corporal*, no noso centro, en Baiona, iniciamos dito bloque coa aprendizaxe da danza das espadas, danza bailada soamente por homes, que é moi valorada socialmente. Desde esa experiencia positiva e que parte de integrar ao xénero masculino pouco a pouco imos avanzando cara outras danzas e bailes.

No bloque de contidos de *Xogos e Deportes*, para ser coeducativo e inclusivo tamén deberemos formularnos certas reflexións. O deporte en si mesmo non é educativo, é unha ferramenta, un contido para educar, e por suposto tamén para educar en valores. Polo tanto, para poder coeducar a través do deporte son necesarias certas condicións na programación do profesor. Achegamos a continuación algunhas intervencións didácticas que se poderían ter en conta:

- Iniciarse con aqueles deportes nos que non exista unha diferenza moi marcada ou moi estereotipada de experiencia motriz previa, coma por exemplo: as indiakas, o bádminon, o voleibol, o béisbol.
- Habería que pensar nunha progresión: desde os deportes de adversario ou cancha dividida ata os deportes de invasión. Son estes últimos os que quizais requiran máis a nosa atención, especialmente dende a cuestión de xénero, xa que a énfase dalgúns e dalgunhas pode chegar a intimidar e inhibir motrizmente a aqueles que non teñan moita competencia motriz, xerándose unha bolsa de exclusión.
- Nos deportes de invasión sería bo poñer unhas normas no xogo que obriguen a defender a un brazo de distancia ou non permitir sacar o balón das mans; estas facilitarían a participación do alumnado.
- Metodoloxicamente os deportes colectivos poderían iniciarse con xogos modificados, como a proposta de Devís e Peiró (1992), pois propician un contexto onde se incrementa a participación de todos: diminúense as esixencias técnicas, intégranse ambos sexos, redúcese a competitividade, utilízase material pouco sofisticado e que pode construír o propio alumnado e incrementase a participación no proceso

de ensinanza, pois o alumnado posúe capacidade de poñer, quitar e cambiar regras sobre a marcha do xogo.

- Os xogos e deportes tradicionais permiten unha análise sobre os estereotipos de xénero culturalmente asociados, rompendo coas barreiras e límites que encorsetaban aos rapaces a xogar ás buxainas e ás rapazas á mariola.
- Os deportes máis estereotipados en canto ao xénero tamén poden favorecer a reflexión crítica. Faise necesario nestes deportes aplicar estratexias didácticas que visibilicen esta realidade e faciliten a transformación da mesma.
- Tamén hai que ensinar a competir e a respectar o xogo limpo, pois estes valores non son intrínsecos ao deporte en si mesmo senón que hai que aprendelos. Estratexias que poden favorecer esta aprendizaxe son: a realización de actividades nas que adopten o rol de árbitro; actividades nas que se dilúa a competición mediante normas que modifiquen a forma de xogar (por exemplo o que marca tanto pasa ao equipo contrario); premiar accións de xogo limpo a través de tarxetas canxeables por “positivos en actitude” ou que inflúan no resultado do partido. “Gañar como circunstancia” é a finalidade prioritaria do deporte educativo fronte ao “gañar como consecuencia” (Fraile, 2003)

Respecto ao tratamento da *Condición Física e Saúde*, este bloque debería estar máis centrado na saúde, na aprendizaxe de procesos, máis que na constatación de evidencias motrices e niveis de condición física do alumnado, para favorecer unha actividade motriz que atenda á diversidade da aula e fuxa de modelos de homoxeneización afastados da dita realidade. O deseño dunha serie de actividades e hábitos de exercicio relacionados coa vida cotiá (postura corporal, hábitos de vida activa, etc) permitiría que o alumnado entendese as vantaxes na súa saúde e ademais contribuiría a que as alumnas se achegasen máis á actividade física.

O bloque de contidos de *Actividades na Natureza* posúe un alto potencial integrador e de cohesión social pois, ao realizarse nun contexto diferente ao habitual, abre as posibilidades de interacción. E dunha maneira especial tamén permite romper o estereotipo de que a muller é o sexo débil: alpinistas como Chus Lago ou Edurne Passabán son mulleres que na escalada e no montañismo alcanzaron altas cotas de éxito.

2.1.2. Na aula

Os estereotipos de xénero están presentes na nosa sociedade, desde as familias aos medios de comunicación, pasando polo profesorado, os libros de texto e calquera axente de socialización de rapaces e rapazas no que poidamos pensar. Para abordar esta situación de aula é precisa a posta en práctica de varias estratexias complementarias, dunha forma simultánea dentro da programación da materia de educación física, pois a aplicación dunha estratexia illada pode ser gratificante para o alumnado e o docente, pero en ningún caso permite o cambio de actitudes a longo prazo. Tentaremos ir analizando neste punto algúns aspectos que inflúen na nosa práctica de aula e algunhas propostas que desenvolvemos no noso centro.

Observamos que existen diferentes prexuízos e actitudes nas rapazas de cara á actividade física, como o rexeitamento ao esforzo físico de media intensidade, a idea de que o deporte é cousa de rapaces, que eles son mellores nisto ou noutro, que prefiren non participar porque din que non as deixan xogar, ou non xogan porque din que son uns brutos.

Tamén aparecen prexuízos e actitudes nos rapaces coma os seguintes: pensar que eles son mellores que as nenas: din que son unhas patosas e por iso non queren xogar con elas, asumen un rol de capitáns ou asocian certos roles no contexto do xogo só as rapazas.

As intervencións que propoñemos céntranse nas cuñas socioemocionais, na linguaxe, na metodoloxía, na prensa e nas películas como recurso didáctico.

Desde os discursos diarios do profesorado, Vaello (2007) fala de *cuñas socioemocionais*, non referidas ao contexto da educación física; pero facendo unha adaptación á nosa área consideramos que hai mensaxes simples, breves que, reiteradas no tempo e se fosen enviadas por varios profesores, poderían axudar a cambiar a realidade:

- “As actividades físicas e deportivas non son nin de rapaces nin de rapazas, cadaquén que poida realizar aquela, que elixa sen discriminación de ningún tipo”
- “Todos somos iguais e todos somos diferentes, hai que respectar esa diversidade, que é positiva ”.
- “Eu podo ser bo ou boa nun momento da programación pola miña experiencia previa, e noutros momentos ter dificultades, hai que respectar os diferentes niveis de habilidade”.
- “Teño que aprender a relacionarme con tódolos meus compañeiros/as non sempre estar cos mesmos, por moitos motivos...”

Por outra banda, tamén é importante cambiar a *linguaxe* para favorecer a inclusión e a coeducación: cando se mencionan os dous xéneros “mozos, mozas”, cando se cambia a orde de prelación “rapazas, rapaces, imos”, cando se usa o neutro “alguén en vez de algúns, alumnado en vez de alumnos, persoas en vez de homes, ...”, se están facendo visibles os dous colectivos.

Tamén é necesario introducir cambios de actitudes nas *estratexias metodolóxicas* do profesorado: se este dedica tempo de feedback e explicacións tanto aos rapaces como as rapazas, se escolle indistintamente para as demostracións, etc está sendo inclusivo. Sentirse “incluído” é o primeiro paso para a acción.

Roca et al. (2008) propoñen estratexias didácticas coma os círculos inicial e final, os grupos heteroxéneos, o contrato relacional, a unidade didáctica *todos para un e un para todos*, que pretenden a inclusión e a atención á diversidade na aula de educación física.

Outro recurso didáctico moi útil para abordar a cuestión de xénero na aula é a prensa, pois permite visibilizar ás mulleres, ofrecer modelos que rompan cos estereotipos vixentes e crear polémicas e controversias que abran o debate e a reflexión.

Socialmente está máis aceptado que as rapazas asuman roles masculinos, que á inversa. Pero non se debe esquecer a discriminación que sofre o xénero masculino cando quere achegarse a roles tradicionalmente e socialmente entendidos coma femininos. Deberíamos ofrecer modelos que rompan tamén estes estereotipos e nos artigos de prensa visibilízase tamén esta situación: homes que fan ximnasia rítmica e non se lles permite competir, patinadores moi hábiles, bailaríns, etc. A igualdade será efectiva cando se poida camiñar en ambas direccións, tanto homes coma mulleres.

No cine tamén atopamos recursos para tratar a cuestión de xénero nun contexto deportivo con películas como, por exemplo: *Bylly Elliot quere bailar*, *Quero ser coma Beckham* ou *Elas dan o golpe*.

Achegamos a continuación unha pequena escolma de artigos e materiais audiovisuais organizados por temas que poden ser de utilidade para o profesorado, para a súa programación e para a aula:

- Prensa: mulleres e fútbol

Artigo sobre o salario e vida das futbolistas da superliga. Extraído de:
<http://www.larazon.es/noticia/las-ronaldas-invisibles-y-mileuristas-asi-son-las-estrellas-del-futbol-femenino>

Ninguén os marca coma Mari Paz. Futbolista. Extraído de:
http://www.lavozdeg Galicia.es/deportes/2011/12/13/0003_201112G13P42991.htm

Marta Rodríguez. Subcampiona de fútbol sala. Extraído de:
http://www.lavozdeg Galicia.es/deportes/2011/12/15/0003_201112G15P68991.htm

A ONU apoia o fútbol con hiyab. Extraído de:
http://sociedad.elpais.com/sociedad/2012/03/01/actualidad/1330629900_637756.html

Fútbol con hiyab. 2006. Extraído de:
http://elpais.com/diario/2006/05/02/ultima/1146520801_850215.html

- Prensa: homes na rítmica e na patinaxe artística

Pablo Silva. Os pioneiros da rítmica. Extraído de:
galega. http://www.lavozdeg Galicia.es/deportes/2009/02/11/0003_7521444.htm

Rubén Orihuela. Rítmica de homes. Extraído de:
http://deportes.elpais.com/deportes/2009/02/05/actualidad/1233822119_850215.html

Javier Fernández. Patinaxe artística. Extraído de:
<http://www.rtve.es/deportes/20111211/javier-fernandez-se-cuelga-bronze-final-del-grand-prix-quebec/481211.shtml>

- Prensa: mulleres en deportes de risco e aventura: motociclismo e alpinismo

Laia Sanz. Única muller no Dakar 2012. Extraído de:
<http://www.masmoto.net/competicion/2012/01/16/laia-sanz-unica-mujer-dakar-2012/>

Laia Sanz. Dakar 2012. Extraído de:
<http://www.sport.es/es/noticias/mas-motor/laia-sanz-revalido-titulo-dakar-1326954>

Chus Lago. Montañismo. Extraído de:
<http://www.farodevigo.es/deportes/2012/01/24/amarga-polemica-conquista-polo-sur/617328.html>

Pasabán, recoñecida coma a única en facer 14 oitomiles. Extraído de:
<http://www.farodevigo.es/deportes/2010/08/30/pasaban-reconocida-unica-hollar-14-ochomiles/468568.html>

Edurne Pasabán coroa o seu 14º oitomil. Extraído de:
http://deportes.elpais.com/deportes/2010/05/17/actualidad/1274080918_850215.html

- Materiais audiovisuais

Vídeo da federación española de fútbol. Extraído de:
<http://www.mujerydeporte.org/multimedia/multimedia.asp>

Documental de Documentos TV sobre o fútbol feminino. Extraído de:
<http://www.rtve.es/alcanta/videos/documentos-tv/documentos-tv-cuestion-pelotas/904445/>

Vídeo de Rubén Orihuela en ximnasia rítmica. Extraído de:
<http://www.youtube.com/watch?v=GBQJVpeSrfM&feature=related>

Vídeo de Javier Fernández. Patinaxe artística. <http://www.rtve.es/deportes/20111211/javier-fernandez-se-cuelga-bronce-final-del-grand-prix-quebec/481211.shtml>

Entrevista a Laia Sanz, por Informe Robinson. O Dakar é saber superar obstáculos. <http://www.youtube.com/watch?v=PQybX-6zvgI>

Chus Lago. Alpinista galega terceira muller no mundo en chegar ao Everest sen axuda de osíxeno e primeira española en chegar ao polo sur. Soa ante o xeo.

<http://www.canalplus.es/play/video.html?media=Nf770261&id=779870&cc=PLTVDO>

Edurne Pasabán, primeira muller no mundo en coroar os 14 oitomiles. <http://www.rtve.es/deportes/edurne-pasaban/14-ochomiles/> Os 14 oitomiles.

- Outros documentos de interés

Guía PAFIC para a promoción da actividade física en rapazas. Realizada polo grupo de investigación de “Estudios de Xénero na Actividade Física e o Deporte” da universidade complutense de Madrid. 2010. Extraído de:

http://www.csd.gob.es/csd/estaticos/myd/CarreraMujer/GUIA_PAFiC.pdf

Páxina principal do Consello Superior de Deportes. Extraído de:
<http://www.csd.gob.es/>

Comisión muller e deporte do comité olímpico internacional. Extraído de: <http://www.mujoydeporte.org/>

Igualdade efectiva entre homes e mulleres. Plan integral de igualdade 2009. Consello superior de deportes. Extraído de: <http://www.csd.gob.es/csd/estaticos/plan-integral/igualdad.pdf>

Guía deporte para un mundo mellor Consello Superior de Deportes en colaboración con UNICEF. Extraído de: <http://www.csd.gob.es/csd/estaticos/dep-soc/Guia-Deporte-para-un-mundo-mejor-baja.pdf>

Dossier de artigos de prensa recompilados para tratar a cuestión de xénero e o deporte na aula. Extraído de: http://issuu.com/adelamirascalvo/docs/x_nero_e_deporte_a_trav_s_da_prensa?mode=window&viewMode=doublePage

2.2. No propio centro

Hai que aproveitar as posibilidades de abrir o traballo da nosa aula, de atravesar as paredes do pavillón: estamos a falar do traballo colaborativo e cooperativo con outro profesorado e os plans e proxectos de centro.

A normativa obriga a ter un Proxecto Educativo de Centro (PEC) que, entre outros elementos, está conformado polo tratamento transversal da educación en valores e outras ensinanzas e o plan de convivencia, poñendo especial atención na promoción de actividades para a igualdade entre mulleres e homes e na prevención da violencia de xénero. Estes aspectos están directamente relacionados coa cuestión de xénero, que tamén é cuestión de centro.

Destácanse nos calendarios escolares datas que deben ser celebradas e se poden aproveitar para relacionar coa cuestión de xénero:

- 25 de novembro: día internacional contra a violencia de xénero
- 10 de decembro: día da declaración universal dos dereitos humanos
- 30 de xaneiro: día da Paz
- 8 de marzo: día internacional da muller traballadora
- 8 de marzo ao 12 de marzo: semana da prensa

2.3. Nas relacións con outros axentes educativos

Hai que colaborar coas posibilidades emerxentes que xurdan na contorna, cos que podemos establecer pontes de acción, ou cos que podemos buscar a

interacción: familias, Concello, asociacións ou clubs deportivos, actividades extraescolares, etc.

3. CONCLUSIONES

É importante fuxir do activismo sen reflexión. Resulta fundamental explicitar prexuízos e estereotipos, pois de non sacar á luz o currículo oculto, continuaremos sendo unha escola reprodutora, e nós cremos nunha escola transformadora.

As programacións deben ser equilibradas para achegarse aos intereses e motivacións de todo o alumnado xa que o sesgo androcéntrico exclúe e invisibiliza. A diversidade das aulas non pode traballarse sen unha diversidade de contidos. Por outra banda, o que se ignora ou omite nas programacións tamén inflúe na maneira de entender e levar a práctica o ensino. Nas programacións, a expresión corporal soe quedar relegada ou impartida con menor dedicación en tempo e relevancia que a condición física e o deporte.

O deporte en si mesmo non é educativo, inclusivo ou coeducativo. Para que cumpra esas condicións haberá que realizar unha reflexión profunda e aplicar estratexias didácticas que nos axuden a acadalas.

Nas aulas pódese aplicar un amplo abano de intervencións didácticas que favorezan a fractura dos estereotipos sexistas. A forma de utilizar a linguaxe, o tempo de feedback, as cuñas socioemocionais, a utilización da prensa, a aproximación metodolóxica aos deportes de invasión son algunhas delas. Ademais, desde un punto de vista legal, a normativa dos centros fai especial mención á promoción de actividades para a igualdade entre mulleres e homes e a prevención da violencia de xénero, polo que os seus plans e proxectos deben dirixirse nesa liña.

Gustaríanos rematar este artigo cunha frase dun alumno de 4º da E.S.O que nos permite continuar crendo que a educación é transformadora: “Antes de romper o estereotipo de que a muller é o sexo débil, habería que romper o estereotipo de que o home é o sexo forte” (Mauro, 2012).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (2008). Lexislación da Educación Secundaria Obrigatoria en Galicia. Portal educativo da Xunta de Galicia. Extraído de:

http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXC/lexislacion/Lexislacion_secundaria_web.pdf

Devís, J. e Peiró, C. (1992). *Nuevas perspectivas curriculares en educación física: La salud y los juegos modificados*. Barcelona: Inde.

Devís, J. (2001). “El currículum oculto y las nuevas orientaciones en el estudio del currículum en la Educación física”, en Vázquez, B. *Bases educativas de la actividad física y el deporte*. Madrid: Síntesis, 277-299.

Fraile, A. (2003). *Educación con y en el deporte*. Extraído de: http://www.bizkaia.net/Kultura/kirolak/pdf/ca_Educacion_Deporte.pdf

López, V. M., Monjas e R., Pérez, D. (2003). *Buscando alternativas a la forma de entender y practicar la educación física escolar*. Barcelona: Inde.

Martínez, M. (1998). “Encuentros de Juegos y deportes alternativos por la igualdad-coeducación física”, en Ruiz, F., García, A. e Casimiro, A. J. *Actas do II Congreso Internacional de Educación Física e Deportes*. Almería. 136-140.

Roca, M., Alvariñas, M., Fernández, M., Toja, B., Pillado, N., Mirás, A. e Rodríguez, P. (2008). “¡Todos para uno y uno para todos!” *Revista Cuadernos de pedagogía*, 376, 32-35.

Rodríguez, H. e García, A. (2009). “Asimilación de códigos de género en las actividades del recreo escolar”. *Revista Interuniversitaria de Formación de Profesorado*, 23(1), 59-72.

Vaello, J. (2007). *Cómo dar clase a los que no quieren*. Madrid: Santillana.